

ENTREVISTA

Como naceu a Festa da Narración Oral de Galiza?

-O Colectivo Tatalo somos un grupo de xente que, logo de traballar xuntos noutras actividades e tomando como principal referente o "Maratón de los Cuentos" de Guadalajara, tivemos a idea de organizar algo arredor da narración oral. Iso si; decidimos darlle un valor engadido abrindo a Festa á participación popular, a todos aqueles que quixeran contar historias; non se trata, pois, de que a xente veña só a escoitar. Ademais, como a maioría de nós somos ensi- nantes, dentro do programa de acti-

chegou ás nosas mans un artigo do noso Premio Nacional de Literatura, Xabier Docampo, publicado na revista *Fada Morgana*, sobre os "sucedidos", un tipo de relato moi propio de aquí. Iso tamén nos deu unha pista importante, porque nós, do que tratamos sobre todo, é de recuperar todas as formas tradicionais, populares, da narración oral. E o "sucedido" é unha delas, un xeito de narración moi particular que, por exemplo, ten que ter sempre algo de misterio. Ademais, Arca está no Camiño de Santiago, que está moi ligado a historias, lendas, a contos,...

- Como me dicía, celebran tamén as II

Xornada sobre Oralidade para Educadores. Que importancia ten, ou debería ter, a narración oral na escola?

-O ámbito natural da tradición oral, os momentos e os lugares onde se contaban historias, practicamente desapareceron. Hai que trasladala a outros espazos, buscarlle un novo acomodo, porque o que non pode ser é que desapareza o gusto por narrar e por escoitar historias. Neste senso, a escola é un lugar fantástico, un caldo de cultivo excelente, tanto para educar o oído na escoita, como para que as nosas habilidades como contadores xurdan e se perfeccionen. Por iso nos parece moi interesante

que os profesionais do ensino teñan moi en conta esta cuestión á hora de levar as súas clases. Non en van, a narración oral é unha parte máis da literatura, do disfrute da palabra.

A ESCOLA É UN LUGAR FANTÁSTICO PARA EDUCAR O OÍDO NA ESCOITA E DESENVOLVER A CAPACIDADE NARRATIVA "

- Por outra banda, para os rapaces de agora, que adoitan comunicarse a través de sms ou do Messenger, seralles moi beneficioso aprender a desenvolver a expresión oral...

-Creo que as dúas cousas son compatíbeis. Temos necesidades que se cobren mellor cun sms e outras ... pois como noutras cuestións da vida: hai situacións para as que se necesita brevidade e concisión, e hai outros momentos que apetece tomar cun pouco máis de calma, gozando do suspense, das historias un pouquiño máis longas. Ademais, teño que dicir que nas escolas hai nenos e nenas que son verdadeiros artistas contan-



FOTO: ELI REGUEIRA

vidades engadimos unha específica para profesores, a Xornada sobre a Oralidade, da que agora celebraremos a segunda edición.

- Canta xente vai participar?

- Toda a que queira. O prazo de inscrición está aberto, e xa poden anotarse tanto na nosa web (www.contocho.eu) como nos bares de Arca, que é onde se levará a cabo parte da Festa. Pola tarde, no Centro Sociocultural Luís Seoane, subirá ao escenario a xente consagrada. E logo, pola noite, actuarán nos bares todas aquelas persoas que se inscriban, acompañados tamén dun profesional ou semiprofesional de contar historias.

- Que contadores estarán na Festa?

- Teremos a Candido Pazó, Rober Bodegas, Quico Cadaval, Paula Carballeira, Carlos Santiago, e Celso Sanmartín. Tamén participa Eva Varela, unha contadora moi boa de Arca, que debuta profesionalmente; o ano pasado foi unha das persoas que o fixo como amateur, e resultou tan ben que lle botamos o ollo e desta vez invitámola a que actuase.

- Por que decidiron titular a Festa como "Sucedidos no Camiño"?

- Cando comezamos a pensar na posibilidade de organizar esta festa,

Manuel González

"A narración oral é unha parte decisiva no disfrute da palabra"

"Vinde contar!": esta é a invitación que Manuel González, voceiro do Colectivo Tatalo, lles envía a todas aquelas persoas interesadas en narrar historias, contadores amateurs que poderán compartir escenario con outros xa consagrados na II Festa da Narración Oral de Galiza, que se celebra en Arca o próximo 5 de xullo

NATALIA ÁLVAREZ

do. Non hai máis que ver eses programas da televisión nos que se poñen a contar versións propias do que ven ou dando definicións de conceptos... Hai moitos nenos que teñen un talento especial para contar.

- Que expectativas teñen para esta segunda edición da Festa?

- O ano pasado saíunos moi ben: a xente estivo contentísima, houbo unha participación popular importante e o auditorio estivo a encher. Así que o noso obxectivo é que teña o mesmo éxito, e acabar como acabamos o ano pasado: ás dúas da mañá, cos bares a tope e a xente aplaudindo a rabiar na última actuación e pedindo máis e máis.

- Organizan máis actividades como Colectivo Tatalo?

- De momento non. Temos algún proxecto, tamén relacionado coa narración oral, pero a verdade é que a Festa incluso está superando un pouquiño a nosa dispoñibilidade de tempo: somos xente que, en fin, ten o seu traballo, e organizar todo isto leva as súas horas. A Festa facémola sen ánimo de lucro ningún, simplemente polo feito de disfrutar de estar xuntos e de que a xente goce escoitando e contando.